

CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 6/2013** para contratar a persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de sinatura do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos. As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Francisco González García Vicerreitor de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D

Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexo I destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren no anexo I destas bases, formando parte da mesma o investigador proposto da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros. Na dita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, no anexo I desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os resultados provisionais publicaranse, establecéndose un prazo de reclamacións de 3 días naturais. Vistas as reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

12.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a

efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.


Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo , taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1ª.a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 3 de mayo de 2013

Por delegación do Reitor
(Resolución do 10/08/2011, DOG 18/08/2011)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,



Francisco González García



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade: Diagnóstico de la contaminación por metales pesados solubles en forma anionica y otros aniones inorgánicos. Medidas de control en suelos
Referencia da actividade: 2012-PN060
Centro de traballo : Escola Politécnica Superior
Investigador Principal: Esperanza Alvarez Rodríguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análises xerais de solos, augas e vexetación. Fraccionamento de A1, F e metais pesados. Realización de isotermas de absorción de distintos elementos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1450 €
Duración do contrato: 6 meses
Data inicio prevista: 01/07/2013
Data fin prevista: 31/12/2013
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Técnico Especialista en Análisis e Procesos Básicos , FPII

MÉRITOS: Experiencia acreditada na análise de solos, augas e vexetación. Valorárase particularmente: Experiencia no fraccionamento e especiación de metais pesados, flúor e aluminio (5 puntos), manexo de equipos como espectrofotómetro de absorción atómica e UV-visíbel (5 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Seguimento legal e financeiro do proxecto para o primeiro período de execución e xustificación

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1105 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Economía

MÉRITOS: Experiencia en manexo de bases de datos relacionados con facturación, contabilidade, etc. (10 puntos), manexo de follas de cálculo e follas de dedicación de persoal (10 puntos), participación e xustificación de proxectos de ámbito autonómico e nacional (15 puntos), participación e Xustificación de proxectos de ámbito europeo (15 puntos).

Coñecemento de inglés falado e escrito (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Administración e integración informática para a posta en funcionamento do equipamento do proxecto.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1105 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos

MÉRITOS: Experiencia en manexo de bases de datos de xestión lóxística e de resultados biolóxicos. (25 puntos), manexo de software de análise de resultados biolóxicos (25 puntos).

Coñecemento de inglés falado e escrito (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Liderado científico-técnico de plataformas de High Throughput Screening (HTS) e High Content Screening (HCS).

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 3700 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Farmacia

MÉRITOS: Experiencia en liderado de proxectos en descubrimento temperán de fármacos. (20 puntos), experiencia en xestión loxística e informática de quimiotecas (15 puntos), experiencia en automatización e manexo de equipamento robotizado para ensaios de cribado de alto rendemento (20 puntos).

Título de Doutor (10 puntos). Entrevista persoal (35 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Producción de reactivo biolóxico para a execución de ensaios de cribado de alto rendemento.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1600 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Bioloxía, Farmacia, Química.

MÉRITOS: Experiencia en posta a punto e execución de ensaios de microscopíade alto rendemento (High Content Screening) (25 puntos), cultivo e produción de liñas celulares recombinantes (25 puntos).

Título de Doutor (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Planificación e liderado de probas de concepto en descubrimento temperán de fármacos.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 2400 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a Ciencias Químicas, Bioloxía, Farmacia.

MÉRITOS: Experiencia en innovación aberta aplicada a proxectos en descubrimento de fármacos. (15 puntos), plataformas públicas, empresas biotecnolóxicas ou empresas farmacéuticas (20 puntos), dirección de equipos de traballo de investigación (10 puntos).

Publicacións Científicas (10 puntos). Título de Doutor (10 puntos). Entrevista persoal (35 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: MARIA ISABEL LOZA GARCÍA

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Xeración de liñas celulares estables con técnicas de bióloga molecular.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1600 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Química, Química Industrial, bioloxía, Farmacia, Medicina, Veterinaria, Enxeñería Química, Ciencias del Mar.

MÉRITOS: Experiencia en: Clonación de liñas celulares (20 puntos), cultivo e produción de liñas celulares en bioreactores (20 puntos), análise de expresión de clons (10 puntos).

Título de Doutor (10 puntos. Entrevista Persoal (40 puntos).



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Edificio CACTUS – Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

Tel. 881816201- Fax 881 547 077

Correo electrónico: citinfo@usc.es

<http://imaisd.usc.es>

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 4

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos xenómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1100 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a Farmacia, Bioloxía, Medicina, Biotecnoloxía o Bioquímica

MÉRITOS: Experiencia en laboratorio de xenética e xenómica (30 puntos). Coñecementos de inglés (10 puntos). Coñecementos de paquetes informáticos básicos (20 puntos). Entrevista persoal (40 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos xenómicos na área de Medicina

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1100 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Farmacia e Medicina.

MÉRITOS: Experiencia en: Técnicas e manexo de datos de xenética e/ou xenómica(40 puntos), en liñas de traballo relacionadas coa identificación de xenes ou dianas terapéuticas en cancro, enfermidades neuropsiquiátricas e cardiovasculares (10 puntos).

Coñecementos de inglés (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos genómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1100 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a Bioloxía.

MÉRITOS: Formación en bioinformática (25 puntos). Programación demostrable en perl ou python (25 puntos). Coñecementos do ámbito unix ou linux, así como php e mysql (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 2

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos genómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1600 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Farmacia, Bioloxía, Medicina, Biotecnoloxía ou Bioquímica

MÉRITOS: Máis de 2 anos de experiencia acreditada en xenética e/ou genómica (15 puntos), experiencia na busca de xenes involucrados en enfermidades comúns ou raras e potenciais dianas terapéuticas (15 puntos).

Manexo e análise de datos (10 puntos). Coñecementos estatísticos (5 puntos). Publicacións científicas realizadas. (10 puntos). Coñecementos de inglés. (5 puntos). Entrevista persoal. (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos genómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1600 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Farmacia, Bioloxía, Medicina, Biotecnoloxía ou Bioquímica.

MÉRITOS: Experiencia en: Máis de 2 anos de experiencia acreditada en xenética e/ou xenómica (15 puntos), busca de xenes involucrados en enfermidades comúns ou raras e potenciais dianas terapéuticas (15 puntos). Manexo e análise de datos (10 puntos). Coñecementos estatísticos (5 puntos). Publicacións científicas realizadas. (10 puntos). Coñecementos de inglés. (5 puntos). Entrevista persoal. (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 2

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos xenómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 2100 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Farmacia, Bioloxía, Medicina, Biotecnoloxía o Bioquímica.

MÉRITOS: Experiencia en: Máis de 4 anos de experiencia acreditada en xenética e/ou xenómica (20 puntos), experiencia na busca de xenes involucrados en enfermidades comúns ou raras e potenciais dianas terapéuticas (15 puntos), experiencia en liñas de traballo relacionadas coa identificación de xenes ou dianas terapéuticas en cancro, enfermidades neuropsiquiátricas, cardiovasculares e enfermidades raras, así como validación de dianas e transferencia á industria (5 puntos), manexo e análise de datos xenómicos. (5 puntos) Publicacións científicas realizadas. (10 puntos). Coñecementos de inglés (bo nivel). (5 puntos). Título de Doutor (5 puntos). Entrevista persoal. (40 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo: CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Implementación e mellora dos procesos de xestión do proceso e para a difusión e traslación dos resultados

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 2000 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Bioloxía.

MÉRITOS: Experiencia en: Mínimo de 5 anos de experiencia profesional no sector académico ou público en I+D (15 puntos), redacción de informes científicos (5 puntos), xestión da I+D e proxectos de innovación rexional, nacional (10 puntos), preparación e xustificación de proxectos así como na elaboración de acordos de colaboración con entidades privadas e públicas (5 puntos), I+D dentro do sector privado (5 puntos), deseño e/ou mantemento de páxinas web. (2 puntos), resolución de expedientes económicos e auditorias (2 puntos).

Formación en: Cursos de xestión de proxectos europeos. (2 puntos), cursos sobre propiedade intelectual e de Transferencia de Tecnoloxía (2 puntos), formación nas normas ISO (especialmente en 166002 e 17025) (2 puntos).

Nivel avanzado de linguas oral e escrito. (5 puntos).

Título de Doutor (5 puntos). Entrevista persoal. (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.
Referencia da actividade: 2012-AD006
Centro de traballo : CIMUS
Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos xenómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1200€
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: 01/07/2013
Data fin prevista: 30/06/2014
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía, Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, Técnico especialista de Laboratorio (rama sanitaria), Técnico especialista en Anatomía Patolóxica e Citoloxía.

MÉRITOS: Experiencia na preparación de mostras para plataformas secuenciación masiva (bibliotecas xenómicas, PCR en emulsión, etc ...) (50 puntos). Coñecemento de inglés suficiente para traballar con protocolos e documentación en inglés (10 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto INNO-PHARMA: Plataforma de farmacogenómica a la validación de dianas y descubrimiento de fármacos candidatos a fases preclínicas.

Referencia da actividade: 2012-AD006

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: ANGEL CARRACEDO ALVAREZ

Número de prazas: 5

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Busca de potenciais dianas terapéuticas e biomarcadores a partir de estudos xenómicos na área de Medicina.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1100€

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/12/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía, Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, Técnico especialista de Laboratorio (rama sanitaria), Técnico especialista en Anatomía Patolóxica e Citoloxía (rama sanitaria).

MÉRITOS: Experiencia en laboratorio de xenética y xenómica (30 puntos). Coñecemento de inglés (10 puntos). Coñecementos de paquetes informáticos básicos (20 puntos). Entrevista persoal (40 puntos).

PROXECTO

Título da actividade: Exploring the dripline with radioactive ion beams. Construction of the Califa calorimeter for the R3B/ FAIR- Proyecto Coordinado.

Referencia da actividade: 2012-PN212

Centro de traballo : Facultade de Física

Investigador Principal: DOLORES CORTINA GIL

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análise do experimento relativo a la estrutura Do 7 H. Participar na análise do experimento de difusión quasi libre de núcleos exóticos. Participar na montaxe e realización de experimentos relacionados con este proxecto. Colaborar na caracterización de cristais e APDs para o demostrador de CALIFA.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1850€

Duración do contrato: 2 meses

Data inicio prevista: 01/07/2013

Data fin prevista: 31/08/2013

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Física.

MÉRITOS: Doutor en Física (30%). Experiencia previa en análise de interpretación de datos de física con núcleos exóticos (40%). Adecuación do perfil do candidato ás tarefas a realizar (30%).

PROXECTO

Título da actividade: Exploring the dripline with radioactive ion beams. Construction of the Califa calorimeter for the R3B/ FAIR- Proyecto Coordinado.
Referencia da actividade: 2012-PN212
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: DOLORES CORTINA GIL

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Control de calidade e testeo de cristais centelladores inorgánicos. Caracterización de fotodíodos de avalancha. Montaxe de unidades de detección para o demostrador CALIFA.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1608€
Duración do contrato: 6 meses
Data inicio prevista: 01/07/2013
Data fin prevista: 31/12/2013
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Física.

MÉRITOS: Experiencia profesional acreditada en manipulación de detectores centelleadores (70%). Conocimiento de electrónica analógica y tratamiento de señales (30%).

ANEXO II

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 6/2013 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO

Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:
Referencia Praza : Investigador Principal:
Centro:
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento
<u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u>

EXPÓN

--

SOLICITA

--

_____, a _____ de _____ de _____

Sinatura,

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA